

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR HERMANOS QUIROGA

CURSO: 4º PRIMARIA

MATERIA: lengua castellana y literatura

DEPARTAMENTO:

DATA: 11-5-2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
- Responder ás preguntas dos textos correctamente la maioría dos casos e demostra comprender a idea principal.	- Comprende os textos lidos e extrae a idea principal. BB, CL, CLD,IEE
- Realizar os textos con coherencia e unha corrección ortográfica propia da súa idade.	- Realiza un conto e unha lenda e entende a diferenza entre ambos textos. AA, IEE, CL
- Empregar os diferentes tipos de determinantes, adecuadamente, en oracións sinxelas.	- Demostra certo dominio de todos os tipos de determinantes a través da práctica, utilizando oracións simples e colocándoos coherentemente. CL
- Entregar as tarefas aínda que sexa fora do prazo sinalado	- Entrega as tarefas solicitadas.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: - A comprensión dos textos:30% - Realización dun conto e dunha lenda: 30% - Dominio dos diferentes tipos de determinantes:20% - Responsabilidade á hora de entregar as tarefas solicitadas: 20%
	Instrumentos: Anotarase todo o traballo enviado a través do correo electrónico no caderno do profesor, nas súas fichas individuais.
Cualificación final	Para a nota final do curso, as porcentaxes serán as seguintes: 1ª avaliación: 40% 2ª avaliación: 40% 3ª avaliación: 20%
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Comprensións lectoras existentes no libro de texto así como noutros libros(<i>Cuentos para entender el mundo</i> de Eloy Moreno) - Contestación de preguntas sobre os textos lidos. - Resumo ou argumento do texto lido - Realización dun conto e dunha fábula, extensión mínima dun folio - Exercicios de ortografía e estudo de diferentes regras a través da práctica e o xogo. - Fichas de exercicios de todos os tipos de determinantes - Fichas de repaso de todos os contenidos dados.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que propoñen: ● Evocación de coñecementos previos para abordar os contidos novos. ● Progresiva e coidadosa incorporación de coñecementos novos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno/a de Terceiro curso, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias propias da materia. Na terceira avaliación a comunicación mestra e alumnado será a través de correos electrónicos da familia. O alumnado envía as tarefas feitas polo mesmo

	medio e lle son correxidas individualmente e por materias. Todas as tarefas feitas son anotadas nas fichas individuais de cada alumnx coa súa correspondente observación sobre o realizado por estx. Actuación ante as dificultades: - A través de preguntas sobre os textos leídos non demostran unha comprensión completa, deberá volver a lerlo tantas veces como sea necesario ademais de poder darlle algunhas "pistas" en forma de preguntas para que recoñezan as ideas principais do texto. - Na realización dun conto e lenda, se lles correxirá as veces necesarias alcanzar un mínimo de coherencia e unha ortografía admisible para a idade. Animarase ó alumnado para entregar todas as tarefas no seu prazo e informarase ás familias se falta algo por facer, así como se comprenderán os problemas que poidan suceder no entorno familiar.
Materiais e recursos	O alumnado utilizará ordenador, móvil ou tablet para enviar as tarefas que poderán facer en libretas ou folios, así como empregar videos ou outras tecnoloxías. Tamén poderán facer uso dos materiais de que dispoñan así como folios de cores, plastilina, cartulinas... Utilizarase o libro de texto e un libro de lectura, pero non é necesario telo físicamente.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O alumno recibirá a información das tarefas, así como as fotos, fichas, plantillas, correccións, dúbidas e demais comentarios a través do correo electrónico.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.